

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE MAIO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón o cese de José Luis Cabarcos Corral como director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a Martín Alemparte Vidal.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia de Turismo de Galicia para eximir da obriga de constituír garantía á entidade colaboradora que resulte seleccionada ao abeiro da resolución pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa #DescubreGaliciaenOutono a través dos bonos turísticos.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual respecto da resolución da Fundación Galicia Europa pola que se convoca unha (1) bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do informe de seguimento sobre o progreso no cumprimento dos obxectivos e metas fixados na Axenda 2030 e se acorda a súa remisión ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia para a dotación de auxiliares de conversa nos centros educativos públicos galegos para o curso 2024/25 e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de tres millóns setecentos noventa e sete mil seiscientos euros (3.797.600 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias, e do mantemento da federación para o exercicio 2024. Importe: un millón douscentos sete mil seiscientos oito euros (1.207.608 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Autismo Galicia, para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia, e para o mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2024. Importe: douscentos setenta e sete mil cincocentos oitenta e tres euros (277.583 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas para o exercicio 2024. Importe: douscentos vinte e dous mil oitenta e sete euros (222.087 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do estado de tramitación da Resolución do 17 de xaneiro de 2024 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 en réxime de concorrencia non competitiva, e se acorda o inicio dos trámites para a ampliación de crédito desta por importe de cinco millóns oitocentos cincuenta mil euros (5.850.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco cun único empresario, de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais por un orzamento total de vinte e nove millóns sesenta e cinco mil setecentos noventa e seis euros (29.065.796 €), co IVE incluído, e un valor estimado de vinte e catro millóns vinte e un mil trescentos dezanove euros (24.021.319 €) (expediente AMT-2024-0070).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona oeste da ATM de Vigo.
- Acordo polo que se toma razón da licitación do servizo de redacción do proxecto de construción de 56 vivendas de promoción pública na parcela P-14 do polígono de Valdecorvos, Pontevedra.
- Acordo polo que se toma razón da licitación do servizo de redacción do proxecto de construción de 48 vivendas de promoción pública na parcela P-17 do polígono de Valdecorvos, Pontevedra.
- Acordo polo que fai constar a convocatoria do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Círculo das Artes de Lugo para obras de mantemento do edificio do Círculo das Artes por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €), autorizar os pagamentos anticipados ata un máximo do 80 % do importe concedido en cada anualidade así como a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Libreiros de Galicia para a realización das feiras do libro de Galicia no ano 2024 e de actividades de formación, actividades culturais en librarías e dixitalización por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e para eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas dos bonos Talento Empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2024-2025, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2024.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre as bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia para a dotación de auxiliares de conversa nos centros educativos públicos galegos para o curso 2024/25.
- Informe sobre o proxecto cREAgal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Riotorto para a colaboración no financiamento do Programa para a dinamización das persoas maiores nos centros veciñais do concello para o exercicio 2024.
- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2024.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Galega de Áridos para actividades destinadas á promoción e ao fomento do sector da industria de extracción de áridos de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a certificación do Esquema Nacional de Seguridade.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a programación da Campaña de Verán 2024 da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe de execución e previsión dos pagamentos de axudas directas e agroambientais da política agraria común na campaña 2023-2024.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a participación da directora do Intecmar nunha auditoría da DX Sante a Nova Zelandia para avaliar o sistema de control establecido para a produción de moluscos bivalvos con destino á exportación á Unión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INCORPORA SETE NOVAS PATOLOXÍAS AO SISTEMA DE GARANTÍA DE TEMPOS MÁXIMOS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS SANITARIAS

- Salienta que se eleva a 115 as patoloxías graves nas que os pacientes teñen garantido o acceso “a unha primeira consulta ou proba en 45 días” e unha cirurxía “nun máximo de 60 días”
- O conselleiro de Sanidade destaca que se incluírán “tres patoloxías relacionadas coa saúde das mulleres” (neoplasia maligna de útero, displasia de colo uterino e displasia vulvar leve e moderada), así como “catro tipos de linfomas”
- Igualmente, no ámbito da atención na lesións potencialmente malignas do aparello reprodutor feminino, garántese as primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas programadas e non urxentes relacionadas coa vía rápida de cancro de endometrio
- A previsión é que “2.000 pacientes” se beneficien ao ano desta ampliación no número de patoloxías

O presidente a Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou a actualización do decreto mediante o que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas para “incorporar sete novas patoloxías”. Deste xeito, segundo explicou, “serán 115 as enfermidades” nas que os pacientes teñan garantido por lei “o acceso a unha primeira consulta ou proba diagnóstica en 45 días e a unha cirurxías nun máximo de 60”.

O decreto de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas entrou en vigor en 2018. Despois destes anos de experiencia, con máis de 293.000 pacientes beneficiados, a Xunta aposta por actualizar este decreto para ampliar as patoloxías recollidas, unha ampliación solicitada, ademais, polo Parlamento de Galicia nunha iniciativa aprobada no 2022 sen ningún voto en contra. “Este decreto é un dos principais logros da sanidade pública galega”, indicou o presidente.

A Xunta incorporará sete patoloxías novas ao sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias, elevando ata 115 o número de enfermidades graves que van ter garantido o acceso a unha primeira consulta de especialista e a unha proba diagnóstica en menos de 45 días, e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días. Con esta ampliación dáse prioridade aos pacientes con patoloxías máis graves ou maior risco de complicación.

Máis en concreto, tal e como explicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez, incorpóranse “tres patoloxías relacionadas coa saúde das mulleres” (neoplasia maligna de útero, displasia de colo uterino e displasia vulvar leve e moderada), así como “catro tipos de linfomas” (de Hodking, folicular, non folicular, e de células T/NK maduras).

Igualmente, no ámbito da atención ás lesións potencialmente malignas do aparello reprodutor feminino, garántese as primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programadas e non urxentes relacionadas coa vía rápida de cancro de endometrio (informe anatomopatolóxico da biopsia endometrial, a histeroscopia o TAC e as probas de estadiaxe).

Como no caso de todas as vías rápidas fixadas (cancro de pulmón, de mama, colorrectal, próstata, vexiga, de cabeza e colo, melanoma, de endometrio e onco-hematoloxía), o obxectivo do Servizo Galego de Saúde é non superar unha media de 15 días na atención.

Para a selección destes novos procedementos tívose en conta a gravidade das patoloxías, así como a efectividade da atención sanitaria e a oportunidade da atención, para, deste xeito, favorecer a recuperación da funcionalidade ou evitar a progresión da enfermidade. "O Sergas vai seguir identificando cales son as prioridades sanitarias da poboación", indicou o conselleiro.

Pacientes que se beneficiaron desta iniciativa da Xunta

Desde a entrada en vigor en 2018 do Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, beneficiáronse 293.382 persoas.

Cos datos actualizados ata o mes de marzo, atendéronse nos prazos máximos fixados 66.151 persoas para cirurxías, 118.804 en consultas externas e realizáronse 108.427 probas diagnósticas e/ou terapéuticas.

Ata o de agora, as patoloxías con tempos garantidos eran as patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento de retina.

Coas novas incorporacións, tal e como explicou Rueda, a previsión é poder beneficiar a outros "2.000 novos pacientes" cada ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTÍN ALEMPARTE VIDAL COMO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA, ADSCRITA Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Martín Alemparte Vidal como director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural. Substitúe a José Luis Cabarcos, que desempeñou este cargo desde setembro de 2020.

Nado en Lugo no 1976, é licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela, na especialidade de Economía Pública e Política Económica. Entre os anos 2000 e 2001 traballou como auditor e asesor de mercado en diferentes empresas privadas.

Dende o ano 2002 ata a actualidade é responsable da xestión do programa Leader en diferentes Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia da provincia de Lugo. Ademais, traballou como impulsor e coordinador dos traballos para a elaboración da candidatura a Xeoparque para as Montañas do Courel, converténdose no ano 2019 en director do primeiro Xeoparque Mundial da UNESCO en Galicia.

Durante estes anos tamén coordinou numerosas publicacións en diferentes ámbitos do desenvolvemento rural e exerceu como profesor e colaborador coas universidades de Santiago de Compostela e Vigo en cursos de posgrao relacionados co emprendemento, o turismo e os recursos naturais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA OFRECERÁ ESTE ANO MÁIS DE 16.000 BONOS TURÍSTICOS, QUE SE PODERÁN DESCARGAR DESDE FINAIS DE XUÑO, PARA GOZAR DE VIAXES EN GALICIA ESTE OUTONO

- O Consello informa das características da nova edición desta iniciativa que, desde a súa posta en marcha, no ano 2020, mobilizou máis de 14 M€ no sector turístico
- Este ano, como novidade, cada usuario poderá descargar ata dous bonos cun valor total de 300 € e estarán cofinanciados entre o Goberno autonómico e as persoas usuarias

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora da nova edición do Bono Turístico e informou da iniciativa deste ano coa que, baixo o lema #DescubreGaliciaenOutono, o Goberno autonómico apoia ao sector e promove con éxito as viaxes dos galegos en Galicia fóra da tempada alta e este ano facilita o seu uso e o seu impacto entre o sector turístico galego.

Así, o Goberno autonómico investirá este ano 1 M€ coa previsión de mobilizar no sector 2,5 M€ durante o outono. Poranse en circulación máis de 16.000 bonos en formato código QR cun importe de 150 €, cofinanciados nun 40 % pola Xunta de Galicia e nun 60 % polas persoas que o soliciten (os particulares aboarán, polo tanto, 90 € para contar cun bono por valor de 150 €). Como novidade, cada usuario poderá descargar este ano ata dous bonos, polo que poderá contar cun investimento de ata 300 € para gozar dunha estada o vindeiro outono nalgún dos establecementos que se adhiran.

Poderán participar establecementos turísticos de aloxamento situados en Galicia e axencias de viaxes, neste caso, que teñan un centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e que desenvolvan as súas actividades dentro do sector turístico vinculado a Galicia. Deberán estar dados de alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) no momento da publicación da convocatoria.

Está previsto que os establecementos se poidan empezar a adherir en xuño, mes no cal tamén as persoas usuarias poderán facer as descargas a través da páxina web www.bonoturismo.gal, logo da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Está dirixido a persoas maiores de idade residentes en Galicia. Unha vez descargado o bono, o prazo para gozar das estadas arrincarás o 10 de setembro e estenderase ata o 25 de decembro.

Fóra de tempada

A iniciativa -que naceu no contexto da pandemia para dinamizar o consumo turístico e inxectar liquidez ás empresas do tecido turístico galego- está consolidándose como una proposta que impulsa a actividade fóra da tempada alta e contribúe a apoiar o sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nestes catro anos puxéronse en circulación máis de 47.000 bonos turísticos e mobilizáronse máis de 14 M€; deles, durante a pandemia foron máis de 10 M€ (5 M€ co bono turístico sociosanitario e 5,8 M€ no ano 2021), aos que se suman os 3 M€ nos últimos dous anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA BOLSA DE FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS NA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

O Goberno galego inviste preto de 20.000 euros na axuda, centrada no eido da innovación e a investigación

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) dunha bolsa de formación por un importe de case 20.000 euros dirixida a persoas con título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación. A contía investida destínase ao pagamento do salario da persoa beneficiaria, gastos de viaxe, cotas da Seguridade Social e cobertura sanitaria.

O programa formativo da bolsa terá unha duración de 12 meses na propia oficina da FGE en Bruxelas, aínda que coa opción de levar a cabo breves períodos formativos na sede da Axencia Galega de Innovación (Gain) ou noutras dependencias que se determinen. A incorporación da persoa bolseira prevese no mes de setembro deste ano.

A iniciativa enmárcase no programa anual de bolsas de formación en proxectos europeos impulsado pola FGE, neste caso centrada no ámbito da innovación e da investigación, así como no seguimento das políticas comunitarias relacionadas coa innovación e a investigación. Súmase, polo tanto, a outras catro bolsas autorizadas a comezos deste mes, destinadas a titulados universitarios ou con título de técnico superior de formación profesional e que suman un importe global superior aos 71.000 euros.

Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade instrumental do sector público autonómico creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Conta con dúas oficinas: unha presente en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, esta última forma parte das preto de 300 delegacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AVANZA CARA AO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE EN 2030 E SUPERA EN TODOS ELES OS RESULTADOS A NIVEL NACIONAL

- O Consello toma razón do segundo informe de seguimento da Axenda 2030, que constata a boa posición da Comunidade en materias clave como auga e saneamento, enerxías non contaminantes e biodiversidade dos ecosistemas terrestres
- En 16 dos 17 ODS que a ONU se fixa como meta para esta década, os resultados a nivel galego están por riba dos estatais e en cinco deles Galicia supera a media nacional en máis do 75 % das variables a ter en conta para poder cumprir cos obxectivos
- Esta evolución enmárcase na aposta pola sustentabilidade e a eficiencia nas políticas da Xunta, que se plasma desde 2021 nos orzamentos e no Plan estratéxico de Galicia

Galicia avanza a bo ritmo cara ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) marcados a nivel global pola chamada Axenda 2030 e sitúase xa en todos eles por riba dos resultados a nivel nacional.

O Consello da Xunta de Galicia foi informado hoxe do balance do segundo informe de seguimento da iniciativa na Comunidade, que será enviado ao Parlamento de Galicia a continuación e no cal se recollen as principais conclusións sobre os avances realizados neste eido nos últimos anos, analizando os progresos para cada un dos obxectivos.

Cómpre lembrar que a Axenda 2030 foi aprobada en 2015 pola Organización das Nacións Unidas como un plan de acción en favor das persoas, do planeta e da prosperidade que fixa os obxectivos que alcanzar antes do ano 2030 para poñer fin á pobreza, loitar contra a desigualdade e facer fronte ao cambio climático, entre outras cuestións.

Nesta axenda concretáronse 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e propuxéronse 169 metas para acadar no horizonte temporal sinalado, cuxo cumprimento se validará a nivel mundial, nacional e rexional, a través da análise de 239 indicadores marcados pola ONU.

Así, este segundo informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia, elaborado en 2022, analiza 60 destas metas, pertencentes a 16 dos 17 ODS —para o obxectivo número 14 non hai datos desagregados a nivel autonómico—, e 172 indicadores centrados en cuestións globais de interese común, unha selección coa que se busca facilitar as comparativas co resto de España e mesmo con outras rexións.

Aínda que a maioría dos indicadores analizados para cada un dos obxectivos presentan en Galicia unha tendencia positiva, destaca, especialmente, a evolución no apartado da auga limpa e saneamento (ODS número 6), enerxía accesible e non contaminante (7) ou vida dos ecosistemas terrestres (15), nos cales todos os indicadores avaliados experimentaron avances notables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis concretamente, e no caso do saneamento das augas, esta meta dáse por conseguida grazas a medidas impulsadas pola Xunta de Galicia como os plans de xestión da auga de Galicia para acadar servizos de subministración e depuración axeitados e equitativos ou outros documentos de planificación para facer fronte a aspectos como a seca, o risco de inundacións ou o aproveitamento hidroeléctrico dos recursos naturais.

Así mesmo, no que respecta ás enerxías non contaminantes, indicadores como o peso das renovables sobre a produción total de enerxía eléctrica (un 75,6 %, no ano 2020) ou a redución do consumo confirman os avances notables acadados para a consecución deste ODS, grazas á aplicación de instrumentos efectivos como o Plan de aforro enerxético en instalacións da Xunta, as axudas para proxectos de renovables e de eficiencia enerxética ou a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

Por último, no obxectivo de ecosistemas terrestres cómpre subliñar entre as actuacións máis destacadas da Xunta nos últimos anos a aprobación da Lei de patrimonio natural para protexer os valores da Galicia verde e azul, o impulso ás novas redes de parques naturais e de reservas de biosfera para poñer en valor este tipo de espazos protexidos ou a Estratexia da paisaxe galega ligada tamén á protección dos ecosistemas.

Mellor evolución que a do conxunto de España

A aposta de Galicia pola sustentabilidade e o cumprimento da Axenda 2030 tamén se reflicte na comparativa a nivel nacional, xa que a evolución da Comunidade é mellor que a do conxunto do país. De feito, o informe constata que para todos os ODS os resultados de polo menos a metade dos indicadores son mellores a nivel galego que estatal.

En todo caso, a diferenza máis notable atópase en cinco dos obxectivos de sustentabilidade –fin da pobreza (ODS 1), saúde e benestar (3), igualdade de xénero (5), redución de desigualdades (10) e cidades e comunidades sustentables (11)– nos cales Galicia presenta resultados por riba da media nacional en máis do 75 % dos indicadores avaliados, rozando mesmo nalgún caso o 100 %.

Segundo informe de seguimento

A Xunta leva traballando desde 2018 na consecución dos obxectivos sustentables marcados pola ONU, procurando o coidado ambiental en todas as súas accións de goberno. Para tal fin creou no ano 2019 a Comisión Interdepartamental da Axenda 2030 e foi pioneira no desenvolvemento de indicadores propios para a avaliación dos ODS.

Este segundo informe permite comprobar o grao de implantación da Axenda 2030 en Galicia a partir da análise das principais metas fixadas pola ONU, ao tempo que facilita unha radiografía da eficacia das políticas de desenvolvemento sostible executadas polo conxunto das consellerías, así como do coñecemento que ten a cidadanía sobre a iniciativa, o que repercute á vez nunha maior concienciación social e ambiental.

Neste sentido, a Xunta seguirá impulsando medidas a partir das oportunidades de mellora detectadas que convertan á Comunidade en parte da solución aos problemas globais e favorezan a transición de aquí a 2030 cara a unha Galicia máis inclusiva, máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ecolóxica e climaticamente neutra, cun maior nivel de dixitalización, máis resiliente ante o cambio climático e mellor adaptada aos retos presentes e futuros.

De feito, este compromiso coa implementación das metas de desenvolvemento sustentable e da Axenda 2030 reflíctese tamén nos orzamentos autonómicos, que desde o ano 2021 van aliñados con estes obxectivos, e no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, a principal ferramenta de planificación da Xunta de Galicia.

Ademais, o Goberno galego puxo en marcha o ano pasado un novo sistema de carga de datos correspondentes aos indicadores publicados polo INE e o IGE que permitirá nas próximas revisións facer un seguimento máis próximo ao ano en curso sobre a evolución dos distintos ODS na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ELEVA A 665 OS AUXILIARES ESTRANXEIROS NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO PARA O VINDEIRO CURSO, MARCA HISTÓRICA DO APOIO Á APRENDIZAXE DE LINGUAS

- O Consello da Xunta de Galicia dá luz verde ao convenio co Estado para a dotación de parte deste recurso, que se completa con acordos coa Comisión Fulbright, entre outros
- O Goberno galego destina máis de 4,7 M€ a esta liña de actuación no marco da Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030

Un total de 665 auxiliares de conversa nativos de países estranxeiros apoiarán a aprendizaxe de idiomas nos centros educativos galegos o vindeiro curso 2024/25. Así se desprende do informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, coincidindo coa aprobación do acordo entre o Ministerio e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a dotación de parte deste recurso humano, que se completará con acordos coa Comisión Fulbright, Hanban (entidade académica chinesa) e o Instituto Camões de Portugal, ademais da liña de axudas aos centros concertados.

Trátase dun récord histórico no número de persoas que colaboran no apoio á aprendizaxe do inglés, francés, portugués, alemán e chinés. Supón, en concreto, un incremento en 10 auxiliares respecto do actual curso. Desde o ano 2009, cando houbo 67 auxiliares, o número deste apoio tense multiplicado por 100.

O Goberno galego destina máis de 4,7 M€ a esta liña de actuación, cun incremento de case 75.000 € respecto do ano académico 2023/24, no marco da Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030.

Líderes en auxiliares de alto perfil académico

No caso da colaboración co ministerio aprobada hoxe, serán en total 495 auxiliares (463 de lingua inglesa, 15 de lingua francesa, 8 de lingua portuguesa, 7 de lingua alemá e 2 de chinés). O Goberno galego financia de xeito íntegro a estada destas persoas en Galicia, ademais de asignalas aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. A maiores, Galicia contará con outros 39 auxiliares dos que lle corresponden da repartición que realiza anualmente o ministerio.

A estes 534 auxiliares destes acordos engadiranse proximamente o resto dos auxiliares que se incorporarán ao sistema educativo galego a través das devanditas vías de colaboración con outras institucións, sumando un total de 665 auxiliares de conversa para o vindeiro curso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre eles cómpre salientar os 40 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico en inglés que chegan cada curso ao ensino galego a través da colaboración coa Comisión Fulbright. Neste caso a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional financia o 87 % do convenio de colaboración.

De feito, Galicia é a comunidade autónoma que máis auxiliares de alto perfil académico recibe a través desta colaboración coa Comisión Binacional España-Estados Unidos de América para o intercambio cultural, educativo e científico.

Aposta polas linguas estranxeiras

Esta liña de actuación está enmarcada na Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, que ten como obxectivo para os próximos anos consolidar os programas de éxito desenvolvidos na última década no impulso do plurilingüismo, en concreto na liña de impacto 5, centrada nas dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico.

O modelo plurilingüe da Xunta de Galicia, que implica a impartición de ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira, comezouse a aplicar no curso 2010/11 para as etapas de educación obrigatoria, isto é, de primaria e ESO. Xa a partir do curso 2017/18, a Consellería de Educación ampliouno ás etapas de infantil, bacharelato e formación profesional. No actual curso 2023/24 hai un total de 500 centros plurilingües.

Ao abeiro destas políticas, o alumnado galego está á cabeza entre os de mellor nivel de inglés de España segundo a clasificación internacional EF EPI, a única baseada en avaliacións do idioma realizadas por 2,1 millóns de persoas de 111 países.

Amplo grao de satisfacción

Os auxiliares de conversa son un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego, ademais dunha figura cun éxito consolidado na nosa Comunidade. Non en balde, o 99 % das persoas coordinadoras dos centros participantes consideran moi positivo este apoio e o 50 % das persoas auxiliares de conversa solicitan renovar un curso máis en Galicia.

As persoas auxiliares de conversa desenvolven a súa actividade maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Reciben unha axuda económica e realizarán actividades de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisadas por unha persoa profesora titora-coordinadora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA FINANCIA CON 1,7 M€ PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DAS FEDERACIÓNS GALEGAS DE DOWN, AUTISMO E DANO CEREBRAL

Adiantarase o 80 % da subvención para que as federacións conten desde o primeiro momento con liquidez suficiente para desenvolver o seu labor

A Xunta de Galicia deu luz verde á sinatura de tres convenios de colaboración no ámbito da discapacidade entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as federacións de Down Galicia, de Autismo Galicia e de Dano Cerebral (Fegadace). Destinaranse 1,7 millóns de euros ao longo deste ano 2024 a financiar programas e servizos destas entidades, dos cales se benefician directamente arredor de 6.500 persoas.

Estes convenios súmanse aos acordados no Consello da semana pasada coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym).

Como é habitual neste tipo de acordos, a Administración autonómica adiantará o 80 % da contía da subvención para que as entidades conten desde o primeiro momento coa liquidez suficiente para desenvolver o seu labor.

A Xunta avoga por continuar reforzando o traballo conxunto co terceiro sector para avanzar cara a unha Galicia máis inclusiva e accesible para todos. Proba disto son os concertos sociais cos que se blindan máis de 5.000 prazas públicas de atención especializada ás persoas con discapacidade ou o incremento das ordes de axuda para que as entidades adquiran novos vehículos, creen ou amplíen os seus centros ou desenvolvan novos programas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AMPLÍA EN PRETO DE SEIS MILLÓNS DE EUROS A LIÑA DE CRÉDITO PARA PEMES E AUTÓNOMOS TRAS A BOA ACOLLIDA AMOSADA POLO TECIDO EMPRESARIAL

- A Consellería de Economía e Industria incrementa, ata alcanzar os 17,5 millóns de euros, o orzamento deste programa de axudas que constitúe unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito das empresas galegas, tanto para a bonificación dos tipos de xuro dos préstamos como a obtención de avais sen custo
- A convocatoria, que conta coa colaboración das entidades de crédito e das sociedades de garantía recíproca, complementa o programa de préstamos directos do Igape, que mellora tamén as condicións de acceso ao crédito deste sector produtivo e que acaba de ampliar ata os 50 M€ o seu orzamento

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da ampliación da liña de acceso ao crédito coa que, a través dun convenio coas entidades de financiamento e as sociedades de garantía recíproca (SGR), a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, pon á disposición de pemes e dos autónomos galegos préstamos en condicións máis vantaxosas. Nomeadamente, a bonificación do tipo de xuro dun préstamo e a obtención do aval sen custo.

Así, a liña incorpora agora 5,8 millóns de euros que, sumados aos 11,7 millóns de euros previstos inicialmente, alcanzan un orzamento de máis de 17,5 millóns de euros, co que se poderá facilitar o acceso a créditos por un total de 120 millóns de euros. Cómpre lembrar que a convocatoria, aberta no mes de xaneiro, prevía poñer en circulación ata 80 millóns de euros, un importe que xa se ten superado ao se recibiren solicitudes por un valor superior a esa cifra. Este feito amosa a boa acollida do sector a unha iniciativa que constitúe unha ferramenta eficaz para favorecer o acceso ao crédito de pemes e autónomos ao complementar o mercado bancario con produtos de financiamento público axeitados para as súas actuacións.

A modalidade de apoio poderá consistir na bonificación do tipo de xuro dos préstamos, na bonificación da comisión do aval e no reaval do risco asumido polas SGR que faciliten o acceso ao crédito. A concesión das axudas, dispoñibles ata o 30 de setembro, é por concorrencia non competitiva e son subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras ata o esgotamento do crédito.

Así mesmo, esta liña complementa o programa de préstamos directos, cuxo obxectivo se vencella tamén á mellora das condicións de acceso ao crédito do tecido produtivo, favorecendo a entrada a instrumentos de débeda, e acaba de ampliar ata os 50 millóns de euros o seu orzamento ante o interese amosado polo tecido empresarial galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FARÁ FRONTE AO INCREMENTO DE INCIDENTES EN CIBERSEGURIDADE CUN INVESTIMENTO DE ATA 29 M€ PARA OS SERVIZOS QUE PRESTA A CONCELLOS, DEPUTACIÓNS E UNIVERSIDADES

- A Administración autonómica licitará un novo acordo marco que se encadra na Estratexia Galega de Ciberseguridade
- Ofrecerá un amplo catálogo de servizos especializados na xestión da seguridade da información e a protección de datos, así como na adecuación á normativa
- O primeiro acordo marco permitiu monitorizar máis de 5.000 direccións IP, reportar preto de 1.500 fendas de seguridade, realizar 70 auditorías ou a integración das deputacións e unha vintena de concellos en ferramentas do CCN
- Esta medida, enmarcada na Estratexia Galega de Ciberseguridade, busca reforzar a cooperación e a coordinación entre Administracións para minimizar os riscos antes incidentes de ciberseguridade

A Xunta de Galicia reforza a cooperación entre administracións en materia de ciberseguridade cun novo acordo marco que garante a prestación dun catálogo de servizos especializados en seguridade da información e protección de datos a concellos, deputacións, universidades e á propia administración autonómica. Para facer fronte ao incremento de incidentes de seguridade e ante a necesidade das entidades públicas dun asesoramento e soporte especializado neste ámbito, a Administración autonómica triplicará a contía deste acordo marco, que licitará cun orzamento de ata 29 millóns de euros.

O acordo, aprobado hoxe no Consello do Goberno galego establece a contratación, a través dun único empresario, de servizos divididos en tres lotes. O primeiro lote está dirixido á prestación de servizos de ciberseguridade, goberno e xestión da seguridade da información; o segundo lote está destinado ás revisións técnicas para a mellora da seguridade, e o terceiro, á prestación de servizos de apoio á adecuación da normativa neste ámbito, principalmente, ao Esquema Nacional de Seguridade e á normativa en materia de protección de datos persoais.

Este acordo busca maximizar o alcance duns servizos que se veñen prestando a administracións locais e provinciais desde 2021, grazas a un primeiro acordo marco que, entre outras actuacións, permitiu monitorizar máis de 5.000 direccións IP e uns 3.000 dominios; dispoñer dun servizo de vixilancia dixital que reportou un total de 1.490 fendas de seguridade desde o inicio da prestación do servizo; colaborar activamente na xestión de 6 incidentes graves, ou realizar 70 auditorías para avaliar a seguridade en deputacións e concellos.

Ademais, a través desta colaboración coa Xunta, facilitouse a unha vintena de concellos e as catro deputacións o emprego de ferramentas do Centro Criptolóxico Nacional

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(CCN-CERT), como o Listado Unificado de Coordinación de Incidentes e Ameazas (LUCIA); ou o servizo Trillion, de información sobre credenciais roubadas.

Incremento dos incidentes de ciberseguridade

O CCN reportou a través de LUCIA preto de 1.500 incidentes de ciberseguridade nas administracións autonómica e locais en 2023 fronte ás 400 de ano anterior e o servizo Trillion notificou en 2023 máis de 1.500 credenciais expostas nas Administracións galegas. Os datos do CCN-CERT sinalan que soamente nos dous primeiros meses rexistráronse 25.000 incidentes no sector público en España, o que implica un aumento dun 190% con respecto ao mesmo período do ano anterior. Un crecemento que xa fora moi significativo nos dous anos anteriores. En 2022, as Administracións públicas españolas rexistraron 55.000 ciberataques, e en 2023 eleváronse a 107.000.

Cooperación e coordinación

O acordo marco, aprobado hoxe enmárcase na Estratexia Galega de Ciberseguridade e nas actuacións do Nodo Galego de Ciberseguridade, unha estrutura impulsada pola Xunta, na que están integradas medio centenar de entidades como o Centro Criptolóxico Nacional, o Instituto Nacional de Ciberseguridade, as deputacións a Federación Galega de Municipios e provincias e as principais empresas da comunidade. Os principios que rexe o nodo galego de ciberseguridade, CIBER.gal, son os da colaboración e a coordinación entre entidades públicas e privadas para facer un fronte común fronte aos cibercriminosos en todos os ámbitos, incluíndo, ademais da vertente técnica e normativa, a formación e concienciación de profesionais, cidadáns e empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 43 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS EN NIGRÁN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- As intervencións levaranse a cabo nas paradas situadas nas estradas autonómicas PO-325, PO-552 e PO-340, todas no municipio de Nigrán, enmarcadas nas rutas de acceso polo sueste a Vigo
- As actuacións inclúen a colocación de novos refuxios, a mellora dos apartadoiros para autobuses e da súa accesibilidade, información en braille ou o incremento da visibilidade e a iluminación, entre outras accións
- Nos vindeiros meses realizarase a xestión das expropiacións para licitar a execución das obras no primeiro trimestre de 2025
- O Goberno galego ten previsto actuar en máis de 1.100 paradas das estradas autonómicas cun investimento global de arredor de 35 M€

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 43 paradas de autobús situadas en estradas autonómicas no ámbito das rutas de acceso polo sueste a Vigo, no concello de Nigrán, que suporán un investimento autonómico de máis de 1 M€.

O Executivo autonómico tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nas estradas PO-325, entre o punto quilométrico 9+330 e 14+670; na PO-552, entre o 7+470 e 12+850; e na PO-340, entre o 17+170 e 20+590, todas neste municipio pontevedrés.

A aprobación definitiva deste proxecto inclúe, tamén, a declaración de utilidade pública das intervencións no ámbito das rutas do transporte público do concello de Nigrán, pola que se dispón a urxente ocupación das 36 parcelas obxecto de expropiación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación acada os 1.266,23 m².

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé convocar o levantamento das actas previas das expropiacións no segundo semestre deste ano, para licitar a execución das obras no primeiro trimestre de 2025.

As actuacións proxectadas inclúen a mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís. Tamén se realizarán melloras do pavimento nas contornas das paradas.

Ademais colocaranse refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido destas intervencións, os traballos que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade e procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

Ademais, as intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Con estas intervencións, o Goberno galego ten como obxectivo incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos no uso do transporte público, o que fomentará a diminución do uso dos movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación, o que redundará nunha diminución das emisións de partículas nocivas de xeito gradual.

Os proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús que a Xunta ten en marcha nas estradas autonómicas para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia, das que xa está en execución a mellora de 284 paradas. O investimento total previsto é de arredor de 35 M€.

Este proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–Next Generation EU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Plano de situación das paradas:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Infografía exemplo das actuacións de mellora que se van acometer nas paradas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS PROXECTOS PARA CONSTRUIR 104 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VALDECORVOS

- Edificaranse dous inmobles de nova planta con 56 e 48 vivendas respectivamente en dúas parcelas que Xestur cederá ao Instituto Galego da Vivenda e Solo nesta zona da cidade de Pontevedra
- O investimento previsto para as obras dos dous edificios ascende a 16 M€
- Os proxectos, que se licitarán por 324.281€ e 268.236€, estarán redactados nun prazo de tres meses e medio tras a súa adxudicación
- Con estas edificacións, o barrio pontevedrés sumará un total de 178 novas vivendas, ao engadir as outras 74 xa licitadas recentemente, cuxo investimento ascende a 15,6 M€, e que están pendentes da licenza municipal para o inicio das obras

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar a licitación da redacción dos proxectos para a construción de 104 novas vivendas de promoción pública no barrio de Valdecorvos, no municipio de Pontevedra, que suporán un investimento total de 16 M€. Con estes inmobles, esta zona de Pontevedra sumará un total de 178 novas vivendas de promoción pública, ao engadir as outras 74 que xa licitou recentemente o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) por importe de 15,6 M€ e que están pendentes de licenza de obras para o seu inicio.

En concreto, os dous novos inmobles a que o Consello deu luz verde levantarase en cadansúa parcela que Xestur Pontevedra posúe en propiedade nesta zona e que cederá ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para executar a actuación.

Un dos edificios terá unha altura de baixo, catro plantas e baixo cuberta, e nel habilitaranse 56 vivendas, garaxes, rochos e locais en tres bloques independentes, compostos por planta soto (común aos tres bloques), baixa, 4 plantas altas e baixo cuberta. O inmoble construírse na parcela P-14 do polígono B1 de Valdecorvos, que conta con 3.201 m² de superficie, e os traballos de construción están presupostados en 8,7 M€. A redacción do proxecto sairá en licitación por un orzamento de 324.281 €.

Ademais, na parcela P-17 do polígono B1, que conta con 1.147 m² de superficie, prevese outro edificio con 48 vivendas, garaxes, rochos e locais, distribuídos en dúas plantas de soto, planta baixa, seis plantas e baixo cuberta, cuxas obras están presupostadas en 7,3 M€. A licitación do contrato para a redacción do proxecto sairá por 268.236 €.

En ambos os casos o prazo para a entrega da redacción dos proxectos é de tres meses e medio.

Neste barrio de Valdecorvos xa existen outras 132 vivendas de promoción pública construídas pola Xunta de Galicia e entregadas aos seus adxudicatarios a finais de 2015 (das que 116 son de alugueiro) e mediados de 2016 (o resto, en compravenda), nas cales se investiron 14 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas parcelas 14 e 17 esgótase o solo de que dispón o Instituto Galego da Vivenda e Solo en Pontevedra, polo que se solicitou a cesión de parcelas por parte do Concello para planificar máis vivenda de promoción pública na cidade.

Como consecuencia da última solicitude de solo por parte do IGVS, realizada no presente mes de maio, o Concello remitiu unha lista de parcelas dispoñibles que na actualidade están a ser estudadas polos técnicos do IGVS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,4 M€ A AXUDAR OS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA ACCIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO

- O Consello acordou o lanzamento dunha nova convocatoria do Fondo de cooperación para financiar, a través de préstamos sen xuros, accións de rehabilitación de competencia municipal e a adquisición de inmobles para a súa posterior recuperación
- A Xunta de Galicia publicará este mes de xuño este liña de axudas, que estará aberta desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 31 de outubro de 2024
- Desde a posta en marcha do Fondo de Cooperación, o Goberno galego leva concedido préstamos por importe de máis de 24 M€ para impulsar 102 actuacións en 68 concellos para a rehabilitación e a adquisición de diversas construcións

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace ao investimento de máis de 2,4 M€ dirixido a axudar os concellos de menos de 50.000 habitantes para financiar, a través de préstamos sen xuros, actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas, así como a adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

Estes fondos canalizaranse a través dunha nova orde de axudas do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído deste municipios, que publicará no mes de xuño a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, tras o acordo desta mañá do Executivo autonómico.

O obxectivo deste Fondo de Cooperación é facilitar que os concellos acometan actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio de cara a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispoñer dunha vivenda digna e adecuada.

Neste sentido, o fondo contribuirá a facilitarlles aos concellos as actuacións subsidiarias de rehabilitación nos casos en que os propietarios das vivendas desatendan as súas obrigas. Neste caso, a normativa vixente permítelles aos concellos actuar subsidiariamente e despois reclamarlles aos propietarios o importe das actuacións realizadas, pero moitos concellos non exercen o seu dereito por non dispoñer do financiamento necesario, ao que agora poderán acceder, con xuro cero, a través deste Fondo de Cooperación.

Por medio deste Fondo de Cooperación, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) concederá préstamos sen xuros aos concellos para realización de diversas obras de rehabilitación de edificacións, co compromiso das administracións locais de devolver as cantidades percibidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con cargo ao Fondo de Cooperación poderán financiarse actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.

Ademais, posibilitan a financiación das actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.

Tamén, a través do Fondo de Cooperación, os concellos poderán adquirir inmobles para a súa posterior rehabilitación e elaborar plans especiais de protección.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do Fondo de Cooperación no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de outubro de 2024.

As entidades locais interesadas en solicitar financiamento do Fondo de Cooperación deberán solicitarlle á Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a sinatura dun acordo de adhesión ao dito fondo no cal constarán as actuacións que vai realizar o concello, a contía de que dispón, o prazo e as condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo.

Ningún concello poderá realizar unha solicitude de disposición nin acumular a través de diferentes acordos de adhesión máis do 25 % do total do importe co que esta dotado o fondo. Ademais, o concello solicitante deberá atoparse ao día das súas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia e comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas no acordo para a reposición dos fondos.

O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes está dotado cun importe de 20 millóns de euros procedentes das fianzas de alugueiro depositadas no IGVS, cuxa devolución aos depositarios está plenamente garantida. As cantidades devoltas polos concellos pasarán a integrarse novamente no fondo para que poidan ser reutilizadas en novos préstamos.

Dende a posta en marcha do fondo, o Goberno galego leva concedido préstamos por importe de máis de 24 millóns de euros para impulsar 102 actuacións nun total de 68 concellos para a rehabilitación e adquisición de diversas construcións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 200.000 EUROS A OBRAS DE MANTEMENTO DO EDIFICIO HISTÓRICO DO CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO

O Goberno galego procura que estas actuacións de mellora sirvan para a posta en valor do inmoble, construído en 1898, como puntal da actividade cultural da cidade

A Xunta financiará con 200.000 euros as obras de mantemento do edificio do Círculo das Artes de Lugo, inmoble construído polo arquitecto Luis Bellido no ano 1898 e que conta coa consideración de carácter histórico. Catalogado cun nivel de protección 2, posúe un papel relevante na vida cultural da cidade pola súa ampla e variada actividade dinamizadora.

Todos estes factores foron tidos en conta polo Consello da Xunta de Galicia que autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Círculo das Artes de Lugo co obxecto de que esta achega para obras -que irán encamiñadas especialmente á actuacións na cuberta, fachadas e interiores- sirva par acadar a posta en valor, a conservación e a reparación das deficiencias actuais deste edificio.

En concreto, o convenio especifica os pagamentos anticipados ata un máximo do 80 % do importe concedido en cada una das dúas anualidades en que se realizará a achega de 200.000 euros por parte do Goberno central. Así, destinaranse 100.000 euros neste ano 2024 e outra idéntica partida para o ano 2025.

Edificio histórico cunha ampla oferta cultural

O Círculo das Artes de Lugo é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a promoción e o desenvolvemento da cultura e do deporte nos seus máis amplos aspectos, posibilitando neste sentido un labor educativo.

Nesta liña de actuación, atende especialmente a organización de exposicións, audicións musicais, competicións deportivas, proxeccións, certames, ciclos de conferencias que de ningún modo poderán versar sobre asuntos políticos, clases de solfexo, música, guitarra e demais instrumentos, debuxo, pintura, idiomas e lingua e literatura galega, entre outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COAS LIBRARÍAS GALEGAS PARA QUE ORGANICEN ACTIVIDADES CULTURAIS E APROVEITEN AS NOVAS TECNOLOXÍAS COMO A INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- O Goberno galego busca potencialas como axentes culturais e mellorar a súa posición no tecido empresarial galego
- A achega de 160.000 euros da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude á Federación de Libreiros de Galicia tamén irá destinada ao circuito das Feiras do Libro de Galicia, que ten a próxima cita en Ourense no seu percorrido por 13 vilas e cidades

O Goberno galego potenciará o papel das librarías galegas como axentes culturais ao tempo que propiciará melloras na súa posición no tecido empresarial e comercial, coñecedor da importancia deste sector na dinamización cultural e da nosa lingua. Con este obxectivo, o tradicional convenio de colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia, aprobado hoxe no Consello da Xunta de Galicia, inclúe como novidades o fomento de actividades culturais nas súas instalacións —coa creación de clubs de lectura e contacontos— e a formación en novas tecnoloxías como a intelixencia artificial (IA).

Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destina a este convenio de colaboración 160.000 euros, dez mil máis que o pasado ano, e nel renóvase o apoio ao circuito das Feiras do Libro de Galicia, que ten a súa próxima parada o 5 de xuño en Ourense. A cidade das Burgas forma parte das citas ao redor do libro que este ano está levar esta programación de dinamización lectora por 13 vilas e cidades galegas con presentacións, encontros cos escritores e escritoras, recitais, teatro e concertos.

Entre as novas accións deste ano tamén se inclúe propiciar que libreiros e editores galegos aposten por establecer relacións a través encontros gremiais de carácter internacional polas vantaxes que lles supoñen de cara á súa actividade.

A formación en intelixencia artificial e sobre o valor dos intercambios internacionais ten como obxectivo ampliar os recursos das librarías con respecto á xestión cultural, ao mesmo tempo que reforzar a capacidade de que esta xestión lles reverta tamén a nivel económico. Esta preparación farase con especialistas e estará aberta non só aos libreiros e libreiras, senón tamén a outros axentes dos sector do libro.

Clubs de lectura e contacontos

Ademais, o convenio de colaboración tamén recolle que, para lles facilitar ás librarías a opción de achegarlles a participación de autores e creadores nos seus espazos, fixarase nos meses de outubro e novembro unha actividade cultural semanal nunha librería, que pode ser en dúas modalidades, segundo a elección destes establecementos: clubs de lectura ou sesión de contacontos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todas as actividades estarán relacionadas co libro galego. Deste xeito, preténdese acadar un aumento da dinamización cultural e da nosa lingua, á vez que as librarías consolidan a consideración das actividades culturais como parte da súa actividade diaria.

Creación dunha intranet: rede de contactos e canle para atopar profesionais

O convenio de colaboración tamén establece como novidade a implantación dunha intranet coa que se pretende crear unha rede de contactos profesionais a que podan acudir as librarías asociadas á federación para fomentar a dinamización cultural. Ademais, posibilita a creación dunha bolsa de traballo para atopar profesionais que queiran desenvolver a súa carreira laboral no sector do libro.

A maiores, a través desta intranet, fomentárase a figura do libreiro/a coa difusión das ofertas, o que facilitará enlazar traballadores interesados nesta profesión coas librarías con necesidades de persoal. Engádesse a estas posibilidades o feito de que esta nova ferramenta facilitaralles ás librarías implicadas a formación impartida ao longo destes anos.

En definitiva, este novo convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Libreiros de Galicia procura potenciar a actualización das librarías a través da formación en dixitalización co obxecto de que lles contribúa a contar cunha xestión máis eficiente, á vez que busca propiciar unha difusión máis extensa das actividades culturais ao redor da lectura e da nosa lingua.

Librarías, parte fundamental do comercio do libro en Galicia

Cómpre salientar que as librarías son parte fundamental do comercio do libro en Galicia, tal e como demostra que máis do 80 % das compras de libros que non son de texto que se realizan en Galicia se canalizan a través delas.

Ademais, Galicia é a segunda comunidade con máis establecementos libreiros por cada 100.000 habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A SÚA APOSTA POLAS MICROFORMACIÓNS NAS EMPRESAS PARA REFORZAR A SÚA COMPETITIVIDADE E MELLORAR A CUALIFICACIÓN DOS TRABALLADORES

- A Administración galega autorizou hoxe a segunda convocatoria do programa Bono Talento Empresa, dirixido a microempresas, pequenas empresas e persoas autónomas e, como novidade, tamén a medianas e grandes compañías
- O Goberno autonómico considera estratéxico seguir avanzando no impulso destas formacións de curta duración, sempre adaptadas ás necesidades específicas do tecido empresarial e buscando reforzar as competencias e habilidades dos traballadores
- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración investirá 2 millóns no financiamento de experiencias curtas de aprendizaxe solicitadas polas propias empresas, para beneficiar ata 100 firmas e dar formación a uns 1.000 traballadores

A Xunta reforzará a súa aposta polas microformacións, considerando absolutamente estratéxico impulsar estes modelos de experiencias curtas de aprendizaxe co obxectivo de flexibilizar a formación para o emprego e atender a dous propósitos fundamentais: atender ás necesidades específicas das empresas galegas e reforzar as competencias e habilidades dos traballadores.

Esta folla de ruta do Goberno autonómico nace ante unha contorna laboral de cambios cada vez máis rápidos -ante, por exemplo, a transición dixital e verde, ademais das novidades tecnolóxicas, de servizos ou organizativas-, á que teñen que dar resposta dun xeito tan áxil como flexible as empresas e os seus traballadores.

Neste sentido, o Consello da Xunta aprobou hoxe a segunda convocatoria do programa Bono Talento Empresa, co que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financia con dous millóns de euros estas formacións non regradas de curta duración, axustadas ás necesidades particulares de cada empresa e tendo moi en conta a esixencia dunha formación profesional permanente e especializada e de recualificación constante das persoas traballadoras en activo.

O reto desta convocatoria, cofinanciada pola Unión Europea a través do Programa FSE+ de Galicia 2021-2027, é favorecer a competitividade das empresas galegas e promover o talento dos seus traballadores, garantindo un desenvolvemento profesional no seo desa organización como unha vía de fidelización do talento.

Para ampliar a penetración do programa no tecido empresarial da comunidade autónoma, os traballadores de calquera empresa galega poderán beneficiarse desta iniciativa de microformación "á carta" xa que nesta convocatoria, ademais de microempresas, pequenas empresas e autónomos que teñan contratados a persoal por conta allea, tamén poderán optar, como novidade, medianas e grandes empresas -o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importe subvencionable dependerá do tamaño da firma, ata un máximo de 25.000 euros por entidade-.

Flexibilización

Este programa, que segue as directrices da UE neste ámbito, enmárcase na Axenda galega de capacidades para o emprego da Xunta e estímase que, nesta edición, alcance o milleiro de alumnos e un centenar de empresas galegas beneficiarias. Para chegar a máis empresas e autónomos, avánzase na flexibilización da presentación da documentación para facerlles máis áxil e doado o trámite da solicitude.

Precisamente, esta iniciativa da Xunta destaca pola súa ductilidade, ao pretender dotar da máxima flexibilidade ás microformacións financiadas a partir das solicitudes das empresas. Por iso, estes proxectos formativos -compostos por un máximo de tres accións, cada unha de entre 16 e 100 horas- poderán ser adaptados a nivel de contidos, programas ou persoal docente das propias accións ás necesidades específicas de cada solicitante.

Aprendizaxe continua nun mercado laboral cambiante

As persoas traballadoras enfróntanse a cambios sen precedentes na organización do traballo, polo que o perfeccionamento e a aprendizaxe continua son esenciais para que poidan responder ás necesidades do seu emprego actual ou para a transición a novos empregos.

A través de ferramentas como as microformacións, Galicia avoga por unha formación adecuada ás necesidades dun mercado laboral en constante cambio e enfocada nas demandas do noso tecido produtivo. Por iso, o novo Plan Galego de Formación para o Emprego 2024 está dotado con máis de 117 millóns, un 12,9% máis que no exercicio anterior para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo e ao mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLADIGA PARA O 2024 QUE AMPLÍA A VIDEOVIXILANCIA NOS MONTES PARA CUBRIR O 85% DO TERRITORIO GALEGO

- Rueda resalta que vanse incorporar “24 novas cámaras en 12 localizacións” ata chegar a un total de 177
- O Consello deu o seu visto e praxe a este documento, unha vez oído o Consello Forestal de Galicia, que o avaliou a pasada semana
- O principal obxectivo é reducir ao máximo as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos lumes forestais
- Salienta que o operativo antiincendios estará integrado por máis de 7.000 persoas, “unha trintena de medios aéreos e 380 motobombas”
- Destaca a entrada en funcionamento, este ano, da base de medios aéreos de Verín-Oímbra

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou na súa reunión de hoxe a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2024, unha vez oído o Consello Forestal de Galicia, que avaliou este documento na súa xuntanza do pasado día 23 de maio. O principal obxectivo do Pladiga é o de reducir ao máximo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.

Entre as principais novidades da actualización de 2024, o presidente fixo fincapé no incremento do número de cámaras nos montes que permitirá “que o 85% do territorio galego en risco de incendio” contará con videovixilancia. En concreto, tal e como indicou Rueda, “vanse instalar outras 24 cámaras en 12 novas localizacións, e dicir, a rede de videovixilancia fixa vai contar con 177 cámaras en 88 puntos”.

Á hora de establecer a localización concreta das cámaras, tívose en consideración o feito de que proporcionen cobertura visual das zonas nas que se rexistra unha maior actividade incendiaria, con especial atención ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) e ás zonas de alto risco de incendios (ZAR).

Con esta tecnoloxía, en caso de detectarse un lume, é posible a súa visualización en directo e o seguimento da súa evolución en tempo real, sendo un mecanismo de apoio á toma de decisións durante a extinción de lumes.

Melloras no persoal

Ademais no novo Pladiga tamén incorpora melloras no persoal, coa aplicación efectiva do aumento do tempo de traballo dunha parte do persoal laboral, pasando a traballar sete meses nesta anualidade, oito meses no 2025 e nove meses no 2026. Hai que ter en conta que dous terzos deste persoal xa traballa ao longo de 12 meses. Así, o operativo estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións. Este é un dato semellante ao das últimas campañas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Medios materiais

En canto aos medios materiais, Rueda explicou que Galicia contará un ano máis con arredor “dunha trintena de medios aéreos contra o lume”, entre os da Xunta e os que aporta o Estado. En terra haberá preto de “380 motobombas”, contabilizando tanto as da Xunta como as municipais. Cómpre destacar, neste sentido, a recente entrega de 18 motobombas novas.

Con respecto ás melloras materiais, o presidente salientou “a adquisición de seis novas máquinas hidrostáticas polivalentes”. Trátase de máquinas autopropulsadas que permiten realizar tanto traballos preventivos de roza (incorporando, de accesorio, un brazo lateral con disco de corte) como de extinción, ao dispoñer de espazo para depósito de auga con lanza e enganches para mangueriras e soprador de aire para limpeza de calzadas e gabias.

Así mesmo, destaca a entrada en funcionamento, este ano, da base de medios aéreos de Verín-Oímbra ou a construción de 44 novos puntos de auga, así como o mantemento dos 4.843 puntos existentes, para prestar servizo aos medios aéreos e terrestres do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais (SPIF).

Outro avance tecnolóxico ten que ver coa instalación de móbiles, tablets e a aplicación Xeocode Lite (de xestión da información sobre lumes) nas motobombas do SPIF, o que mellorará a súa operatividade e permitirá, entre outras utilidades, facilitar datos sobre o posicionamento, en tempo real, dos medios dispoñibles.

Así mesmo, afondarase na mellora dos recursos dispoñibles para a extinción con medidas como a incorporación ao aplicativo “infraestruturas” da información dixital da Rede de Puntos de Recepción de Medios. Deste xeito, procederase á identificación, avaliación e dixitalización desta rede, que actualmente conta cun total de 988 puntos (trátase dunha base de datos activa, suxeita a modificacións -altas e baixas-).

Parroquias de Alta Actividade Incendiaria

Outros contidos do Pladiga refírense, por exemplo, á determinación das Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI), que son aquelas incluídas en zonas declaradas como de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen de medidas extraordinarias de prevención e de protección dos montes fronte os lumes.

O número total de PAAI no ano 2024 é de 40 e non varía respecto ao dato de 2023. Incorporáanse ao listado tres parroquias e saen outras tres. As que saen do listado son as de Santa Uxía de Ribeira (Ribeira), Requeixo (Chandrexo de Queixa) e Parada da Serra (A Gudiña). Entran na listaxe as de Santa Baia de Boiro (Boiro), San Millao (Cualedro) e Santigoso (A Mezquita).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación cos obxectivos de control, que se calculan a raíz dos valores medios dos últimos 10 anos, establécense, entre outros, os de que a superficie queimada total e por lume estean por baixo da media do último decenio. Tamén, que os lumes de máis de 25 hectáreas estean por baixo do 2% do total e que aqueles inferiores a 1 ha estean por riba do 70% do total de rexistros. Sobre o plan preventivo, que se integra no Pladiga, cómpre destacar que suporá actuar en máis de 60.000 hectáreas e en preto de 5.400 quilómetros de vías, cun orzamento que supera os 41 millóns de euros.

Outro dos plans que forman parte do Pladiga é o de Formación. Neste contémpanse ata 37 cursos en 553 edicións, con máis de 14.000 prazas, o que suporá superar as 150.000 horas de formación. Ademais, no apartado de concienciación cidadá, prevense cando menos 40 charlas dirixidas á poboación das parroquias PAAI.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA O MODELO GALEGO DE ENSINO HÍBRIDO COA NOVA PLATAFORMA CREAGAL, QUE PERMITIRÁ CREAR CONTIDOS INTERACTIVOS DE CALIDADE E PERSONALIZADOS

- Esta ferramenta foi deseñada por máis dun centenar de docentes e contribuirá a reforzar a atención á diversidade e o seguimento individualizado do alumno
- A través dela ofrécense recursos educativos innovadores gratuítos e en aberto, materiais que o profesorado poderá deseñar e adaptar ao seu uso na aula
- Con este proxecto, enmarcado na Estratexia educación dixital 2030, a Consellería de Educación atende a unha demanda da comunidade educativa

A Xunta de Galicia vai reforzar o modelo galego de ensino híbrido coa posta en marcha, a partir do vindeiro curso escolar 2024/25, da plataforma cREAgal, unha ferramenta innovadora de acceso gratuítto e aberta ao conxunto dos centros escolares que incorpora propostas metodolóxicas e contidos curriculares que abranguen todas as áreas de coñecemento e dá resposta a unha demanda da comunidade educativa, pois mellóranse deste xeito os contidos de que dispoñen a diario para traballar en distintos niveis.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional elevou ao Consello da Xunta de Galicia un informe sobre a entrada en funcionamento deste novo recurso que permitirá o desenvolvemento de contidos interactivos e personalizados para mellorar a atención á diversidade de necesidades na aula, o seguimento individualizado do alumnado e a orientación con base nas súas preferencias. Trátase, por tanto, de facilitar que o profesorado, a través desta nova ferramenta, poida desenvolver recursos de calidade que dean resposta ás necesidades específicas da súa aula e dos seus estudantes.

Deste xeito, a partir do vindeiro curso 2024/25, cREAgal ofrecerá recursos educativos en aberto, uns materiais que o profesorado poderá libremente adaptar á súa aula de acordo coas estratexias pedagóxicas e metodoloxías innovadoras que desenvolven. Os materiais que nutren a plataforma foron deseñados, baixo unha coordinación común, por máis dun cento de docentes que traballaron no último ano na preparación da plataforma.

Materiais vencellados aos currículos

Todos os recursos son gratuítos a través das aulas virtuais de cada centro; teñen un alcance global, xa que cobren integramente todos os currículos das áreas e materias desde 5º de primaria ata 4º curso de ESO, e un enfoque universal, xa que poden utilizalo todos os centros. Ademais, cada recurso acompañarase dunha guía didáctica en que se se expón unha situación de aprendizaxe, o reto que o alumno debe alcanzar, o produto final que ten que desenvolver, así como os criterios de avaliación de competencias.

A Consellería comezou a traballar neste proxecto no curso 2022/23 co deseño das bases piloto dos recursos educativos en aberto, que xa este curso se foron perfilando para 5º

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de primaria e que se irán implementando paulatinamente ata 4º curso de ESO (xa que os dous últimos cursos de primaria e a etapa de secundaria é cando o alumnado galego comeza a empregar recursos didácticos dixitais con carácter xeral).

Avanzar na calidade e equidade do ensino

Na súa utilización práctica, cREAgal vai favorecer avanzar un chanzo máis na calidade e na equidade do sistema, xa que a flexibilidade e adaptabilidade dos recursos didácticos que achega fan que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa máis efectivo e inclusivo. Ademais, promove a aprendizaxe colaborativa do alumnado, con actividades grupais, e reforza a competencia de aprender a aprender, cun diario no cal o alumno reflexiona sobre as dificultades atopadas, desenvolve a súa autonomía e saca conclusións útiles para seguir.

O proxecto cREAgal enmárcase na Estratexia de educación dixital 2030 que ten entre as súas accións de impacto xerar un ecosistema dixital adecuado nos centros educativos e formar tanto o profesorado como o alumnado nestas novas competencias e tecnoloxías, para o cal é prioritario abordar a constante mellora dos contidos dixitais.

Así mesmo, con este novo recurso, Galicia avanza no cumprimento das normativas europeas e estatais de asegurar as competencias dixitais do alumnado e blindar a igualdade de oportunidades, facilitando igualmente o traballo dos seus docentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 145.000 EUROS A PROGRAMAS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO NO PEREIRO DE AGUIAR E RIORTORTO

O obxectivo é previr situacións de dependencia e favorecer unha vida saudable

O Consello da Xunta deu conta hoxe de dous convenios de colaboración cos concellos do Pereiro de Aguiar (Ourense) e Riotorto (Lugo) para dar continuidade ao desenvolvemento de programas de envellecemento activo e saudable. A Consellería de Política Social e Igualdade destinará 145.000 euros a financiar as actividades neste ámbito que ao longo deste ano se realicen nestas localidades a través dos seus servizos sociais comunitarios e coas que se prevé chegar a máis de 300 veciños.

O obxectivo destes acordos é previr situacións de dependencia e facilitar unha vida activa. Neste sentido, a Xunta de Galicia colabora con distintos concellos, en especial os de carácter máis rural e de menor poboación, para facilitarlles ás persoas maiores que viven neles alternativas para o seu tempo libre, tales como actividades de ximnasia, de lecer, cursos e charlas informativas ou obradoiros artísticos, entre outras.

Ademais do financiamento de programas de envellecemento activo e saudable, outras iniciativas que a Xunta pon á disposición dos maiores para que disfruten desta etapa das súas vidas son, por exemplo: Benestar en Balnearios, Xuntos polo Nadal ou as Aulas Sénior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE ENTRE A MOCIDADE GALEGA AS OPORTUNIDADES LABORAIS QUE OFRECE A INDUSTRIA DA EXTRACCIÓN DE ÁRIDOS

- A Consellería de Economía e Industria asinará un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Áridos (Arigal) para captar talento mozo e dar a coñecer as saídas profesionais que ofrece un sector punteiro en Galicia
- A minaría é un sector estratéxico para a economía galega, que actúa como dinamizador do rural galego e contribúe positivamente a unha economía circular e á conservación da natureza

O Consello de Goberno acordou esta mañá dar o visto e prace a un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Galega de Áridos (Arigal) para a difusión e o fomento da industria da extracción de áridos entre a poboación galega, especialmente entre os mozos e mozas. O obxectivo deste acordo pasa por favorecer a captación de novo talento e poñer en valor as oportunidades laborais que ofrece un sector punteiro na Comunidade, que dá emprego a máis de 3.600 persoas e representa o 1,2 % do produto interior bruto (PIB) de Galicia.

En virtude deste acordo, Arigal levará a cabo diferentes actuacións de difusión para dar a coñecer o sector e as súas potencialidades en diversos ámbitos como son o educativo, o empresarial ou o institucional. Entre as accións programadas destacan as charlas e a repartición de material informativo en centros educativos relacionados co sector dos áridos, a difusión de dípticos en concellos para a promoción do sector e, nas empresas, para dar a coñecer perfís profesionais cualificados neste ámbito, a difusión en liña ou accións de promoción nos medios de comunicación escritos e audiovisuais, así como tamén nas redes sociais.

A minaría é un sector estratéxico para a economía galega, xa que proporciona materias primas a moitos dos sectores considerados fundamentais na actualidade como son o das enerxías renovables, a automoción, a aeronáutica, o sector do turismo, a construción ou a enxeñaría civil. Ademais, trátase dunha industria que actúa como un dinamizador económico do rural galego ao mesmo tempo que está a facer avances cara á neutralidade climática e contribúe positivamente a unha economía circular e á conservación da natureza.

Este acordo da cumprimento a unha das iniciativas recollidas no eixo 7 de actuación da Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia 2030, folla de ruta do Goberno da Xunta para alcanzar a excelencia ambiental e promover o desenvolvemento sustentable deste sector, capaz de crear máis valores e máis emprego para a comunidade, partindo da defensa do estrito cumprimento da legalidade vixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A SANIDADE PÚBLICA GALEGA CONVÉRTESE NA PRIMEIRA DE ESPAÑA EN CERTIFICAR TODOS OS SEUS SERVIZOS TECNOLÓXICOS SEGUNDO O ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

- A Xunta acredita a ciberseguridade da historia clínica, da xestión dos recursos humanos e das oposicións, da información da tarxeta sanitaria ou dos servizos á cidadanía como a cita previa ou a prescrición farmacéutica
- A protección inclúe equipos electromédicos ou a intelixencia artificial
- A Estratexia de ciberseguridade do Sistema Público de Saúde de Galicia 2023-2026 recolle a relevancia da certificación nacional no seu máximo nivel

A sanidade pública de Galicia convértese na primeira de España en certificar todos os seus servizos tecnolóxicos, en todos os centros e as unidades que a compoñen e dando cobertura a todos os seus usuarios, segundo o Esquema Nacional de Seguridade e no nivel de protección máis exixente.

Así se desprende do informe da Consellería de Sanidade avaliado na reunión semanal do Consello da Xuntan de Galicia. Na acreditación recóllense os servizos a que dá cobertura a certificación, que son os datos da historia clínica dos pacientes e da actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde, a xestión integral dos recursos humanos e das oposicións e outros procesos de concorrencia competitiva, a administración económica e orzamentaria, a información de saúde pública e a inspección sanitaria, os datos da tarxeta sanitaria, a xestión da investigación en saúde, a formación e a súa acreditación, a xestión multicanle das relacións coa cidadanía e os servizos de xestión da plataforma hardware, software e a rede de telecomunicacións.

O sistema da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde certificado polo Esquema Nacional de Seguridade inclúe tamén os servizos a través da internet ofrecidos á cidadanía. En concreto, as aplicacións Sergas Móbil (coa que, por exemplo, é posible solicitar citas a través da internet), É-Saúde (ferramenta de acceso á documentación clínica persoal) ou Telea (que facilita o teleseguimento de pacientes por parte dos profesionais sanitarios).

Aumentar os niveis de protección faise imprescindible no ámbito sanitario en que é cotiá o uso de equipamentos electromédicos (como dispositivos cardioimplantables, bombas de insulina intelixentes ou equipamentos de diálise), a intelixencia artificial (que actualmente se utiliza na axilización do diagnóstico por imaxe nas urxencias hospitalarias para fracturas ou lesións de tórax) ou sistemas da internet de elementos (como reloxos intelixentes que comparten o pulso e a frecuencia cardíaca do paciente a través da aplicación Sergas Móbil).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estratexia de ciberseguridade

Acadar o máximo nivel de certificación do Esquema Nacional de Seguridade é unha das premisas da Estratexia de ciberseguridade do Sistema Público de Saúde de Galicia 2023-2026. Contar coa protección de categoría alta implica, entre outras cousas, que o Servizo Galego de Saúde está capacitado para restaurar os niveis mínimos do servizo, ante unha incidencia, nun prazo máximo de 4 horas.

Desta forma, a sanidade pública galega protéxese ante ciberataques que experimentaron un notable incremento, tanto en volume e frecuencia, como en sofisticación.

Coa aposta pola ciberseguridade, a Xunta de Galicia proporciona con garantías unha mellor prestación dos servizos sanitarios á cidadanía por medio dos sistemas e das tecnoloxías da información, ademais do aumento da eficiencia interna da propia organización sanitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCLÚE CAMPAMENTOS PARA MAIORES DE 18 ANOS NAS ACTIVIDADES DE VERÁN PARA A MOCIDADE

- Rueda resalta que serán “200 prazas” para estadias nas que facer “roteiros, actividades artísticas, acuáticas ou multiaventura”
- Os interesados poderán inscribirse desde o 3 de xuño
- En total, a programación estival para a xuventude oferta 11.533 prazas, “o maior número da súa historia”
- O obxectivo é que a mocidade “coñeza” outras partes de Galicia á vez que se habilita “un importante recurso” para facilitar a conciliación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico incorpora este ano campamentos “para mozos de 18 a 30 anos” na campaña de actividades de verán para a mocidade deste ano. “Serán 200 prazas para estadias nos meses de xullo e agosto”, indicou o titular do Executivo galego.

Deste xeito, as persoas que sobrepasen a maioría de idade terán á súa disposición cinco instalacións diferentes nas cales, segundo explicou Rueda, “desenvolver roteiros, actividades artísticas, acuáticas ou de multiaventura”: o albergue de Cabana de Bergantiños, o campamento A Devesa en Ribadeo, o albergue xuvenil de Allariz, o albergue Montañas de Trevinca na Veiga e complexo Cemar en Mondariz-Balneario.

Así, os maiores de 18 anos, ademais de poder gozar dos campos de voluntariado, ven aumentada a súa oferta no marco deste programa, no cal se poderán inscribir a través da web de Xuventude do 3 ao 10 de xuño.

O Goberno galego dá así un paso máis coa súa Campaña de Verán -baixo o lema *O teu mellor verán*- e que incluía campamentos orixinariamente destinados a mozos e mozas dos 9 aos 17 anos, ofrecendo a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo de lecer estival en actividades de educación non formal de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo.

Minicampamentos Coñece Galicia

Ademais, para este 2024 tamén está prevista unha nova edición dos minicampamentos *Coñece Galicia* postos en marcha en 2020. Con 700 prazas ofertadas distribuídas en 34 quendas, os nenos e nenas de entre os 9 e os 14 anos poden gozar de luns a venres en aloxamentos turísticos de toda a Comunidade.

O obxectivo destes campamentos, cuxa información estará dispoñible en breve na web de Xuventude, é impulsar o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia e favorecer as necesidades de conciliación das familias.

Referente en todo o Estado

Rueda resaltaou que a programación de actividades de verán para a mocidade é unha forma de “aprender e coñecer outras zonas de Galicia” así coma “un recurso importante” para facilitar a conciliación nas familias durante o período non lectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso concreto deste ano ofertáronse un total de 11.533 prazas, “o que supón a maior oferta da historia destas actividades de verán”, resaltou Rueda, que agora dependen da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. As opcións abranguen campamentos para mozos e mozas de entre os 9 e os 17 anos (as prazas foron sorteadas o pasado luns 20), actividades para maiores de 18 anos, minicampamentos, campos de voluntariado, o programa *Conecta con Galicia* para a mocidade galega no exterior e o uso das instalacións xuvenís xestionadas pola Xunta. Ademais, entre as novidades deste ano, está a oferta de novas propostas tanto nos campamentos como nos campos de voluntariado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABOARÁ ANTES DE FINALIZAR ESTE MES A TOTALIDADE DOS ECCRREXIMES DA PAC, CUXA EXECUCIÓN DE PAGOS SUPERA XA O 80%

- Así o indica o informe sobre execución e previsión dos pagos de axudas directas e agroambientais da Política Agraria Común na campaña 2023-2024 avaliado hoxe polo Consello da Xunta, que benefician a máis de 23.000 persoas
- Na segunda quincena do mes de xuño, o Goberno autonómico aboará o pago total das axudas agroambientais, cuxo valor ascende ata os 25 millóns de euros
- Tamén neste mesmo período, faranse efectivos os pagamentos pendentes das axudas directas, das que xa se ten aboado o 90%

A Xunta fará efectivo a finais deste mes o pagamento da totalidade do importe da axuda dos ecorreximes da PAC. Este pago suporá o desembolso de case 17 millóns de euros. Así o indica o informe sobre a execución e previsión dos pagos de axudas directas e agroambientais da Política Agraria Común na campaña 2023-2024 avaliado hoxe polo Consello da Xunta. Deste xeito, en maio quedará aboado máis do 80% dos 200 millóns de euros que recibiu Galicia por este período da PAC.

Por outra banda, na segunda quincena do mes de xuño, o Goberno autonómico aboará o pago total das axudas agroambientais, cuxo valor ascende ata os 25 millóns de euros. Tamén neste mesmo período, faranse efectivos os pagamentos pendentes das axudas directas, dos que xa se ten aboado o 90% destas achegas. Estes 10.850.000 euros non podían ser executados na súa totalidade ata ter o valor dos importes unitarios, que veñen de ser publicados recentemente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Neste sentido, os diferentes pagos permitirán beneficiar a uns 23.239 solicitantes.

Os pagos que se efectuarán antes de que finalice o presente mes son os dos ecorreximes, que están vinculados a prácticas relacionadas coa agricultura do carbono ou a agroecoloxía. Perseguen mellorar a estrutura dos solos e aumentar o seu contido en carbono, reducir a erosión e a desertificación, a diminución dos gases de efecto invernadoiro; ou ben favorecer a biodiversidade asociada a espazos agrarios, as paisaxes e a conservación dos recursos naturais. Son prácticas voluntarias para os agricultores e a súa finalidade debe ser impulsar o rendemento ambiental e climático.

Axudas agroambientais

Na segunda quincena de xuño aboaranse as axudas agroambientais, que se conceden a aqueles agricultores ou gandeiros que subscriban, voluntariamente, compromisos beneficiosos para desenvolvemento sostible, a xestión eficiente de recursos naturais, protexer a biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos ou conservar os hábitats e as paisaxes. Estes compromisos agroambientais poden referirse a cuestións como a xestión de pastos, a economía circular ou os cultivos sostibles. Inclúen tamén compromisos ecolóxicos -como a agricultura, o viñedo, a gandería e a apicultura- e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compromisos de conservación, vencellados co fomento e conservación de razas e variedades autóctonas.

Por último, as axudas directas (que tamén inclúen os ecorréximes) poden estar asociadas con achegas vinculadas á renda ou á produción. As que están asociadas á renda inclúen unha axuda básica para a sostibilidade (ABRS), para apoiar unha renda agrícola viable e a resiliencia do sector agrícola en todo o territorio da Unión a fin de mellorar a seguridade alimentaria; unha axuda redistributiva complementaria á renda, concedido ás primeiras hectáreas de cada explotación segundo a rexión de ABRS á que pertencen; e a axuda complementaria para mozos e mozas, orientada a dar apoio a incorporación de persoas menores de 40 anos ás explotacións. As axudas asociadas á distribución están vencelladas con cuestións como a produción sostible de leite, o vacún extensivo ou a produción sostible de proteína vexetal.

Hai que lembrar que recentemente por parte do Fogga xa se pagaron a totalidade das axudas a zonas con limitacións naturais, que beneficiaron uns 10.500 perceptores por un importe global de arredor de 18 millóns de euros. Así, Galicia xa efectuou o pago do 90% dos importes en todas as demais liñas de axudas directas correspondentes á presente campaña, así como o 100% nas dúas medidas de zonas con limitacións naturais, o que supón, en conxunto, máis de 146 millóns de euros inxectados no rural galego.

Nesta liña, a Xunta reitera, como vén reclamando dende o inicio da negociación do Plan Estratéxico da PAC (Pepac), a súa petición de flexibilización xeral da tramitación, para favorecer unha maior axilidade tanto cara os beneficiarios como no que atinxe á xestión por parte da Administración. Así mesmo, o Goberno autonómico tamén reclama que se teñan en conta as particularidades de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA EXPORTA O SEU *KNOW HOW* COA PARTICIPACIÓN DO INTECMAR NA AUDITORÍA DA UE PARA AVALIAR O SISTEMA DE CONTROL NA PRODUCCIÓN DE BIVALVOS EN NOVA ZELANDIA

- A inspección foi levada a cabo de xeito híbrido por un equipo de dous auditores da DX Sante e dous expertos nacionais, un deles a directora do Intecmar, durante os meses de abril e maio
- As institucións comunitarias recoñecen a experiencia dos técnicos deste organismo autonómico que realiza cada ano máis de 80.000 análises para garantir a calidade e salubridade dos produtos do mar galegos

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe realizado polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) sobre a súa participación na auditoría realizada pola Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria (DX Sante) da Comisión Europea xunto co Ministerio de Industrias Primarias neozelandés aos sistemas de control na produción de moluscos bivalvos que Nova Zelandia destina á exportación cara á Unión Europea. O obxectivo foi avaliar o sistema de control establecido en Nova Zelandia para a produción con destino á exportación á Unión Europea para verificar se as condicións de recoñecemento de equivalencia se seguen a manter.

A auditoría foi realizada por dous auditores da DX Sante e dous expertos nacionais, un deles a directora do Intecmar, Covadonga Salgado. A auditoría tivo lugar dun xeito híbrido, cunha primeira parte en remoto, do 15 ao 19 de abril de 2024; unha segunda parte presencial sobre o terreo, do 29 de abril ao 3 de maio, e finalmente, a reunión final tivo lugar o 8 de maio de 2024. Nela revisáronse a clasificación, os estudos sanitarios, os cambios na clasificación, así como o control das zonas de produción clasificadas (control microbiolóxico, de fitoplancto tóxico, de biotoxinas e de presenza de contaminantes químicos) e as decisións derivadas dos resultados dos programas de control.

A nosa Comunidade, na súa condición de principal rexión produtora de moluscos de Europa, conta a través do Intecmar cunha ampla rede de vixilancia das zonas de produción que aborda o control de fitoplancto tóxico e das biotoxinas, e dos contaminantes químicos e microbiolóxicos. Cada ano esta entidade realiza máis de 80.000 análises para garantir a calidade e salubridade dos produtos do mar galegos. Un labor recoñecido e valorado en Europa que fai que a experiencia dos técnicos do Intecmar sexa requirida asiduamente para formar parte dos equipos de auditoría. Desde o 2004 xa foron 26 as ocasións nunha vintena de países dos cinco continentes.